



O CAN DA PENA LONGA

**3º Concurso Cuentos Repsol
1º Premio en Gallego**

***Autores: M^a Teresa Castro Enríquez y
Marco Antonio Hermida***

LEMA: Arlequín

Año 1990

LIMIAR

A Pena Longa, é unha cova que áhi entre a fraga de Rúa e o monte Buio, alí gárdanse as bestas da neve e dos lobos, e con elas tamén se gardan uns cans que son os que as vixían.

Un destes cans, que non tiña dono, cando osmaba os lobos ou cousas estrañas baixaba á Rúa para ser ollado polos donos dos animais que pacían no monte, daquela saían pitando para ollar de que se trataba.

Nun destes viaxes que fixo o can, foi para o taberneiro da Vila coñecido como o Campón. Pero él non ollou ó can senón a súa dona Maruxa de peto roto, pero non lle fixo caso, ela non tiña bestas no monte.

Naide sabe como rematou a vida do “fusquiño”, así lle chamaban ó can, esperemos que non fose como a dos fora da Lei.

Hoxe da taberna do Campón só queda unha casa de labranza calquera, a eira é un campo donde pacen as vacas e unhos nenos xogan o fútbol.

Esta realidade, contada polo noso avó nas noites de inverno, sentados no banco do escano, acarón da parrumeira, ollando como fervía a auga no pote, narrámola como un vulgar “CONTO”.

Nadal 1989

Era unha mañá fría do inverno, cando saiu ó Campón á porta esfregando unha man contra a outra para escorrenta-lo frío, e botando man ó peto sacou o paquete de tabaco para fumar o primeiro pito do día.

Logo de prenderlle lume e dando volta para meterse na casa, ollou entre a néboa un home pola banda da Igrexa, parouse na solaina para ollar quen era.

Foise achegando mui amodillo a xunto do Campón.

¡Bos días! —saudou.

Bos días... —sigueu ollando, sin acabar de entrar. Anque un pouco frequeiros polo de agora para andar de paseo.

A primeira ollada semellárase a un carboeiro que andaba no monte facendo carbón. A mesma pucha caída diante dos ollos facendo viseira, a barba moura e grande, pero non era, este levaba roupa anque non fora da millor, máis limpa e coidada.

— Nen que o diga vostede, traio as mans sin sentido. ¿E poderíase tomar xa unha copiña para quentar o espírito, ou aínda é cedo para despachar?

— Pase, oh! Estando aberta a porta quere dicir que se despacha, e si se despacha é que xa non e cedo. ¡Digo eu! —sentenciou o taberneiro. Metéronse dentro. Campón indo dar a volta por detrais do taboleiro, e o outro batendo cos zocos no chan e soprando con forza nas mans.

— ¿E logo, que vai ser? —preguntou o Campón pousando as mans no mostrador.

— Póñame unha copiña de augardente. Quenta abondo e é o que mellor me atura o bandullo pola mañá.

Campón collendo unha botella no andel, encheulle unha copiña, que o cliente achegou ó bico, non facendo máis que mollar os beizos nela.

— ¿Seique se atopa soio na casa? —preguntou o cliente ó tempo que ollaba para a porta do fondo, por onde se albiscaba unha eira grande e deserta.

O Campón desconfiou da ollada do cliente, como chea de misterio ¿Non virá con ánimos de robarme? e chegándose de novo ó andel tentou coa man buscando un coitelo de cortar a panceta.

— ¿Non teña medo, oh! —Aquedouno o outro con sorriso adiviñándolle o pensamento.

— Son seu amigo. Veño de parte de Erbellás o batallón, e queríalle falar a soas dun encargo que me fixo para vostede.

O escoitar aquel nome barbiriñado non beizos do cliente a inquedaanza do Campón en vez de acougar seique fíxose aínda maior.

— Eu non teño nada que ver con Erbellás, non quero saber cousa ningunha da mala xente. E botando man ó coitelo xa sin desimulo ningún. —Beba a copa, e líspase por onde entrou.

O home ergueu a man para facelo calar, colleu a copa, bebeu moi amodiño, e cando a baixou volveu a cravar os ollos no taberneiro.

— Erbellás, —dixo falando amodo, —contoume que o Campón sempre fora amigo seu.

Mandoume vir e díxome: vai xunto o taberneiro de Rúa, e dille que esta noite preciso pousada, soamente eso, pousada para min e para outros dous. Que me teña aberta a porta da eira, e alá pola medianoite chegaremos.

— Non quero saber nada de ninguén, se acabou a copa colla a porta. Déixeme de contos que non entendo.

— Está ben, se o quere así. — O home ante os ollos aterrados do taberneiro botou a man á faltriqueira, sacou unhos billetes que pousou enriba do mostrador. —Non quero que me diga que me convidou a unha copa, levarílle— la nova a Erbellás, e se sobra algo deses cartos xa virá el para recolle-la volta.

—¡Agarde! —O cliente xa chegaba á porta, pero detívose ó ir a vos do taberneiro, —Escoite, pola alma dos seus defuntos! Eu non quero poñerme a mal con ninguén, non sei se saberá que un garda civil é mozo da miña sobriña. A parella ven moito por eiquí. ¡dese

de conta!

— Direillo así ó Erbellás —cortou seco o outro—
Supoño que el comprenderá.

— ¿E canto tempo quererá botar na miña casa?
—aínda preguntou como falando para si o Campón.

O foraño, cambiando de cara ó escoitar aquelas
verbas, volveu achegarse de novo ó taberneiro.

— Non lle faremos mal ningún, Campón.
Soamente é por esta noite, precisamos un leiro quente
e un pouco de cear. Despois irémonos como viñemos,
sin que se entere ninguén, Erbellás atópase cansado
de facer vida de lobo e fuximos a Alemania.

—Campón, escoitou enriba a vos da muller, —
¿Pusecheslle lume ó caldeiro dos quimos? Eu voume
ter que ir co gando e a Carmiña vai na fonte, ¿con
quen estás falando aí.

— Agora mesmo vou prender lume, —berrou
cara enriba o Campón, e logo máis baixo, dirixíndose
ó visitante, —Eu endexamáis me metín en políticas,
pode vir soamente por esta noite, ¿eh?, concedeu ó
taberneiro.

E saíndo pola porta da taberna, no tempo que
Maruxa facía a súa entrada pola banda de atrás.

—¿Quén era ese home?, —preguntou mirando
para o seu home, pálido e a man posta sobor do
coitelo.

—Non era ninguén, —tratando de reaccionar ó
Campón.

Dirínxense á porta, dalí enxergaron o lombo do

foraño que se ía perdendo entre a néboa.

— Ti estás tremando, —botándolle a man a un brazo. ¿Que pasou con ese home? dixo a Maruxa.

— Cala e desto non digas nada, viña mandado polo Erbellás. —suspirou ó Campón vencido e a testa baixa.

—¿O Erbellás?, —volvendo a coller con forza o brazo do taberneiro, ¿Que é o que quere ese de nos? ¿Son cartos?

—Cala e non berres, non te vaia escoitar Carmen. Non quere cartos, pideume que lle dea pousada.

—¿E tí que lle diseches? ¿Que é o que vas facer?.

—¿E que queres que faga muller? —ó Campón volveuse abelloado, ¿Querías que lle dixera que non, para que nos mate?

—¿ai meu Deus!, —a muller xuntou as mans auguriada, por eso onte ollei ó can da Pena Longa reuxendo o seu axóuxere, ese can sempre baixa cando osma os lobos polo Buio ou xente estraña.

—Tes que facer algo Campón, non te podes comprometer así.

—¿E que vou facer? —o taberneiro non sabía o que facer, e matinando uns intres.

—O millor será avisar á Garda Civil, porque se se enteran despois...

Decidíndose ó Campón métense dentro en percura da chaqueta.

—Pecha a porta e quédate eiquí, que non entre ninguén, non lle contes a Carmen cousa ningunha,

eu vou correndo a Cervo falar coa Garda Civil.

—Ai Xesús, —quedou choricando a Maruxa retorcendo as mans.

—Ai Deus do ceo, ese home vai ser a nosa perdizón ¿A nosa perdizón!

Campón chegou suando diante do cuartel, dende unha vidrieira o cabo Freire de mal nome “alma negra”, ollouno achegándose de cara alí. ¿Que carallo virá facer ése a estas horas? —Rosmou para sí.

—Semella que ven adoencido, —dixo outro garda.

—Bos días, —saudou case sen alento o suor pola fronte— Campón! —que te trae por eiquí, dixo outro garda.

—Eu quería falar con vostedes, pois é que esta noite o Erbellás...

Escoitar aquel nome fixo como unha sacudida dun raio, que os gardas cravaron os ollos no taberneiro.

—¿Que pasa co Erbellás? —inquereu cortádonlle as falas que se demoraban non sabendo como saír dos beizos do Campón.

—Pois que vai vir esta noite a miña casa, —ceibou por fin dun tirón o home da Rúa, que suaba frío.

—¿E que vai facer na tua casa? ¿Como o sabes ti? ¡Fala oh!

Veña séntese eiquí Campón. ¿Que pasa co Erbellás? ¿Como soubo que esta noite vai vir?

Un garda saiu a correr a chamar ó sarxento, outro ofreceulle un pito ó Campón.

Non pasaron dous minutos cando xa entraron a correr a sarxento Costiñas seguido doutro garda que foi na súa percura.

—Bos días Campón! ¿Que me contas?

O Campón érguese de súpeto.

—Esta noite... —tateou o home da Maruxa, que volvía a non dar tino de sí. Isto noite... vai vir á miña casa o Erbellás.

—¡A ver séntese oh! —quixo calmalo o cabo.

—Foi pola mañá, fai pouco aínda, —o Campón non sabía onde meter as mans, cando abrin a porta da taberna, meteuse un home dicindo que lle tivera leite preparado para esta noite ó Erbellás e máis a outros dous.

—¿E ti que lle dixeches? —preguntou o sarxento.

—Tiven medo e non sabía o que facer, ¿E que lle ía dicir? díxenlle que sí, que viñera.

—Ben feito. ¿E quen mais se enterou do asunto?

—Ninguén, agás a miña muller que fica agora pechada na casa, ela a máis a sobriña, con tanto medo coma min.

—¡Está ben, cala... non te preocupes logo, oh! Perde o medo que para axudarte está a Garda Civil.

—¡Aí meu sarxento! que se o Erballás se decata que lle fixen traición despois xa non haberá sitio no que me poida esconder.

—Dígoche que pérda-lo medo, que non ha de fuxir.

—Olla ben agora o que che vou dicir, á noitiña

chegaremos con moito disimulo para escondernos, e tan logo como el chegue lévalos para a palleira que tes no fondo da eira.

—¿E como lles vou a dicir que se metan na palleira? decatáranse de que algunha cousa rara está a pasar, pero... está ben, levareinos ó palleiro.

Preto xa da noite o Campón movíase dunha banda para outra, a muller e a sobriña ganduxeaban e garnían teas e panos.

Un berro atrancóuselles na gorxa cando afuciñou cunha sombra ó saír a eira.

Campón somos nos, alí estaba Erbellás o bata-llón, ¿Atópase a eira libre?.

—Chiiiiis, —murmurou o taberneiro. Aínda teño xente na taberna, preparareivos un leito na palleira, vaíamos para alá.

Os catro homes atravesaron a eira de cara á palleira.

—Alí entre a herba púxenvos uns cobertores, idevos arranxando, mentras vou traervos a cea.

Sen unha verba os tres homes metéronse para dentro pola esqueira, o Campón nunha carreira voltou á casa, xa ganaba a porta cando tamén da escuridade saiu unha man collendo pola chaqueta ó tempo que outra tapáballe os fuciños.

—Son éses os nosos homes ¿non sí? Campón. — a vos do sarxento soou borboriño á veira da súa orella.

Contando a respiración o taberneiro fixo coa

testa acenos de asentimento

—¡Está ben, pois métete dentro e pecha a porta que ti xa fixeches o que tiñas que facer, agora tócanos o nós!

Non ben acababa de bater a porta cando a voz do sarxento voltou a soar ameazante.

—Erbellás, escoita ben! a palleira está rodeada pola Garda Civil. E as luces de quince linternas alumearon onde se tiñan metido os tres homes. Saíde fora coas mans levantadas e dádevos presos.

Un silencio foi a resposta, non rebulía nin unha pisca de bris.

—Tedes un minuto para decidirvos. Se non saídes empezaremos a tiros con vós.

Un tiro estoupou saíndo da palleira e unha linterna deixou da alumear.

—Vinde eiquí. —Bradou o Erballás, se podedes.

Unha descarga púxolle remate ás verbas do roxo, de dentro contestaron tiros, a eira encheuse de fume dunha banda á outra ou fusís volveron a troar.

—Senon saídes matámosvos como coellos, —grallou outra vegada o sarxento.

Por detrás da palleira ecoaron as verbas do cabo..

—Prendédelle lume á herba, que imoslle dar un pouco de quentar.

Anacos de palla escomenzaron a arder, as balas zoaron por tódalas bandas, as primeiras labradas alumearon millor que as linternas.

Saíde para fóra coas mans ergueitas un a un.

A noite ía voltándose día, Campón ollaba detrás dunha vidrieira, dándolle a man á sua muller, acobixada nun banco, a sua sobriña chea de medo sen atreverse a erguerse.

Cando xa a palleira era un inferno, dous homes choutaron de súpeto entre as lapas, dez tiros crebaron o pulo dos dous que viñeron a fuciñar no chan.

A palleira era unha brasa, as muxicas rubiando no ceo e o estroncio dos tiros poñía moito medo.

E cando ninguén poidera permañecer alá daquel inferno, unha figura axigantada, surxiu entre o lume.

—¡Campón! Rosoou a vos rexa do fora da Lei.

—¡Campón, agradezoche a acollida! xa voltarei.

Un tiro cortou as verbas do erbellás, as atoutiñadas, aínda deu uns pasos.

—¡Aínda voltarei darche as gracias, Campón!

—¡Aínda voltarei!

Dende a porta da casa o sarxento apuntou, apretando a gatillo o tiro detivo o andar que ficou, quedando como indeciso e ó fin caeu.

As labaradas da palleira tinxían de roxo o Ceo. Co seu resplandor os gardas rodearon os corpos caídos para enterralos no cemiterio de cervo.

Pasou o tempo e noutra noite do inverno, a Maruxa volveu ollar ó can da Pena Longa, detívose un intre a escudruma-lo “fusco”, que era como lle chamaban ó can.

Xa ía dar a volta para dentro, unha sombra

silandeira pouco a pouco sen facer ruído, un home viña andando cara á casa polo medio da eira.

A Maruxa quixo fuxir e non puido, o home foi chegando a modiño, e uns ollos de lume subiron a cravar-se nos da muller.

Cunha man de xelo apretándolle a gorxa, a Maruxa baixou a correr canto podía cara a lareira onde o Campón oiaba como ardía unha cachoupa de freixo.

—¡Campón! —Tremóu, Campón, —costaballe traballo falar. Na solaina hai un fantasma!

—¿Que dis? —Ergueuse como si o picara unha néspora.

—Un home ven andando calmoso pola eira e metéuse debaixo da solaina.

O Campón colléu uns galos e abreu dun pulo a folla de madeira.

—¿Quén anda ahí? —E non tivo máis resposta que o silencio.

Volveu brumar dando uns pasos virando a cachola dunha e outra banda .

Pousando as gallas o Campón volveu entrar.

—Seique viches visións, por ningures había resto de ninguén. —Tratou de calmar á Maruxa que estaba trala porta.

Un á beira de outro subiron para o seu cuarto.

A Maruxa antes de deitarse foi ollar pola vidrieira e alí, ergueito parado no medio da eira atopábase o home.

—O home...Campón, Campón.

O Campón botándose á solaina para espreitar na craridade do luar.

Fora non había nada, nin trazas da ningún home.

—A ver ¿Quén anda aí?

Non se oía brumido ningún.

Anque... sí. De sócato parecéulle que renxía a solaina.

—¿Quen anda aí? —Arrepiouse virando a testa.

Volveu renxar, logo silencio.

Alguén viña subindo, pouco a pouco.

—Pum... Soou ó fin unha pasada nas táboas.

Logo a cabo de un tempo, outra. Os ollos abríronselle aínda máis, pero non albiscou nada diante si.

Pum... Outra pasada máis, e... unha sombra moi moura viña, saíndo dalá do fondo cara a él.

O Campón sin saber o que facía, botou un pe cara atrás, a sombra case marcada no fondo da solaina.

A figura do home víase crara xa, cara a el, e de súpeto, un raio lourido alumbróulle o rostro.

—¡Erbellás! —A verba fuxeu dos beizos do taberneiro. A sombra avanzou en silencio achegándose a el.

—Non te achegues... non... Xemeu un frío de voz. Eu endexamais lle quixen facer mal a ninguén, eu quero vivir tranquilo, ti estas morto.

A figura seguía, avantando silandeira, o Campón

arrecuaba.

—Véñoche dalas gracias Campón. —Uns ollos de lume subiron a cravarse no Campón.

—Non, Erbellás non! —arrecuado pegou co lombo no barandal, a sombra víñase derriba del, os ollos de lume cravábanse nos seus, unhas mans somellaron avantar cara a súa gorxa.

Plaffffs... O brumido xordo da testa ó bater embaixo púxolle colofón ó derradeiro laido do taberneiro.

Alá dentro do cuarto, a muller escoitou un intre. Logo, nunha arroutada botouse escaleiras abaixo, e saiu da casa pola porta do camiño berrando a canto lle daba o alento.

O cantar das curuxas no souto de Balseiro, detívose un intre deixando camiño ó bater das pasadas entolecidas, logo arredor da casa os raios da lúa esperexeron de novo a calma alumeando o baneco esnaquizado ó pe da solaina, as curuxas volveron entonar a súa cantinela triste, e ó can da Pena Longa voltará a viaxar as bestas no Buio.